



# Unha vida digna. Un traballo digno

---

Eloína Ingerto López<sup>1</sup>

Nestas liñas quixen compartir a experiencia do traballo en rede con diferentes entidades do terceiro sector de acción social Galicia a través de EAPN-Galicia e da que forma parte a Fundación Juan Soñador, aquelas reflexións e factores que consideramos decisivos para acadar a inclusión socio-laboral das persoas vulnerabilizadas.

Tivemos o reto e a oportunidade de levar a cabo un proxecto integrado de Emprego, que tivo como punto de partida o enfoque de dereitos para acadar unha vida digna e a aposta por políticas de inclusión activa centradas nas persoas. Dende aí, o reto de poder demostrar que é posible outro xeito de facer, para que os galegos e galegas que están en risco de pobreza ou exclusión social poidan acceder a un emprego digno.

## 1.- O Traballo digno en Galicia con enfoque de dereitos

O emprego ten que ser recoñecido como un dereito fundamental de todas as persoas, e non como unha obriga, enfocando as políticas públicas cara a unha inclusión socio-laboral personalizada e de calidade. Ter un emprego constitúe un factor de protección contra a pobreza e a exclusión social. De feito, a taxa AROPE (At Risk of Poverty and/or Exclusion) contempla a ausencia dun emprego ou ter un emprego de baixa intensidade como factor determinante para o sustento económico e a inclusión social.

---

<sup>1</sup> Eloína Ingerto López é a Coordinadora da Fundación Juan Soñador (iniciativa social da familia Salesiana) en Galicia e ata este ano 2023 foi presidenta de EAPN-Galicia, a Rede Galega Contra a Pobreza, organización que reúne as organizacións autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión.